

BANDO DA ALCALDESA DA CORUÑA

Polo presente, comunícase a toda a veciñanza do Concello da Coruña que, ante a emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 e en concordancia coas medidas anunciadas polas autoridades sanitarias da Xunta de Galicia e do Ministerio de Sanidad, pola Alcaldía-Presidencia do Concello da Coruña, adoptáronse no día de hoxe as seguintes MEDIDAS e fixéronse as seguintes RECOMENDACIÓNS, que se manterán, canto menos, ata o vindeiro día 27 de marzo de 2020 e que poderán ser ampliadas ou reducidas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias:

PRIMEIRO: O peche ao público das seguintes instalacións titularidade do Concello da Coruña ou das súas entidades dependentes:

Un.- As instalacións deportivas municipais, tanto as que conforman un recinto pechado, como as instalacións ao aire libre

Dous.- Os Museos da Rede Municipal de Museos Científicos, así como a Casa Casares Quiroga e a sede da Fundación Luís Seoane.

Tres.- As Bibliotecas municipais e as salas municipais de Exposicións.

Catro.- A rede de Escolas Infantís municipais

Cinco.- O Teatro Colón, o Teatro Rosalía de Castro, o Coliseum, o Fórum Metropolitano, o Centro Ágora, agás as dependencias do Rexistro municipal.

No resto de instalacións de titularidade municipal, con independencia da fórmula de xestión do recinto, haberán de respectarse as normas, feitas públicas na mañá de hoxe, acordadas pola comisión interdepartamental da Xunta de Galicia no que se refire á celebración de actividades culturais ou recreativas en recintos abertos e pechados en función do seu aforo cando este sexa superior ás 50 persoas.

Seis.- Os centros cívicos municipais. O Centro de Información á Muller (CIM). Os locais de ensaio. Os espazos de uso cidadán (TEUs). O espazo xuvenil da Sagrada Familia. O espazo veciñal do Birloque. A Escola Intercultural. O espazo onde se presta o servizo de canguraxe na sede da Fundación Sagrada Familia.

SEGUNDO: Así mesmo, decrétase o peche de calquera outra instalación xestionada polo Concello da Coruña análoga ás anteriores e non comprendida na relación do número primeiro anterior, nas que se celebran actividades abertas ao público, agás as dependencias administrativas.

TERCEIRO: Cancélase a celebración de calquera actividade organizada polo Concello da Coruña ou as súas entidades dependentes que tivera previsto celebrarse nos recintos respecto dos cales se decreta o peche. Polos diferentes servizos municipais ordenarase a forma de prestación dos servizos públicos de carácter esencial afectados polo peche das instalacións que se determina na presente resolución.

CUARTO: A celebración de cerimoniais matrimoniais que vaian ter lugar no Palacio Municipal limitará a presenza de persoas, entre o persoal municipal imprescindible para o desenvolvemento do acto, contraentes, testemuñas e persoas convidadas, a un máximo de cincuenta (50).

O mesmo criterio de limitación de persoas presentes seguirase no resto de actividades previstas en dependencias municipais non afectadas polo peche decretado nesta resolución.

QUINTO: O presente Decreto entrará en vigor ás 0:00 horas do 13 de marzo e estenderá a súa vixencia ata o 27 de marzo, agás no caso do peche das Escolas Infantís Municipais, cuxa vixencia comezará o luns 16 de marzo. Sen prexuízo do anterior, poderanse estender os efectos desta resolución a medio de sucesivas prórrogas de vixencia, que serían, no seu caso, publicadas igualmente.

SEXTO: Comunicar o presente Decreto aos servizos municipais, e aos das entidades dependentes, así como ordenar a súa publicación na sede electrónica e na web municipal, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e difundilo entre a poboación.

SÉTIMO Así mesmo,

Recoméndase á veciñanza que, de non ter acceso a xel alcohólico para a limpeza das mans, as lave con auga quente e xabón.

Recoméndase non realizar visitas nin a residencias de maiores, nin hospitais, a excepción de casos de extrema necesidade.

É conveniente evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindíbeis.

Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellaría de Sanidade, en caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.

Recoméndase á poboación que se informe exclusivamente a través de canles de organismos oficiais.

Inés Rey García.

Alcaldesa

